



CONCELLO DE REDONDELA

XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SANTO ESTEVO DE NEGROS

DÍA 22 DE XULLO DE 2014

No Centro Cultural de Santo Estevo de Negros, sendo as 20 horas e 40 minutos do día 22 de xullo de 2014, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- | | |
|---|---|
| D. Manuel Amoedo Otero | Representante do PS de G PSOE |
| D. Cándido Figueroa Vilaboa | Representante do PP |
| D. Agustín González | Representante do BNG |
| D ^a Carmen Rdegez. Álvarez | Representante da AA.VV |
| D. Juan J. Cabaleiro Balado | Representante da Asociación de Montes |
| D. Jose B.Crespo Abal | Representante de AER |
| D. Emilio Antón Otero e Gerardo Pazos Cabaleiro | D. Representantes das Asociacións Culturais |
| D ^a Ángeles Pazos Cabaleiro | Representante das Asociacións de Mulleres |

Todos eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Julio Carlos Alonso Monteagudo, asistidos/as de min; Juana María Monteagudo Testa, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Santo Estevo de Negros, convocada para o día de hoxe, pasándose a tratar os seguintes puntos indicados na orde do día.

INCIDENCIAS:

O Sr. Alonso Monteagudo indica que o Sr. Vilaboa Figueroa asiste en substitución da Sra. Amoedo Dasilva por ser éste mais coñecedor dos temas a tratar.



CONCELLO DE REDONDELA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTANZA ANTERIOR

Pola Presidencia dase lectura á acta da xuntanza anterior celebrada o día 25 de marzo de dous mil catorce.

Apróbase por maioría dos membros presentes.

2.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.

Por parte do Sr. Antón Otero, indícase que sería convinte seguir coa obra do muro, sen andar a trozos, comenta o Sr. Cabaleiro Balado que, a entrada da igrexa e o muro son obras prioritarias, di o Sr. Vilaboa Figueroa que existe un proxecto que se presentara en obras públicas.

O Sr. Cabaleiro Balado pregunta de canto é a partida orzamentaria asignada ás obras da N-550, di o Sr. Vilaboa Figueroa que no proxecto hai varias fases, entre elas unha destinada ao acceso á Igrexa e beirarrúas e, outra, á curva de arriba.

O Sr. Amoedo Otero di que a entrada á Igrexa é prioritaria.

O Sr. Vilaboa Figueroa di que facer o proxecto costa cartos e que se pedirá axuda ao Estado.

O Sr. Amoedo Otero indica que para as obras xa, no seu día, tiveron unha reunión con Faustino e que o entón sacerdote, Don Luis, xa dera permiso, que el xa vira o proxecto das obras pero que agora no se sabe onde está, xa buscaron pero non aparece por ningún lado, di, o Sr. Alonso Monteagudo que o Concello está disposto a colaborar, que comezadas as obras da entrada do Sapal, Obras Públicas mandou paralizalas.

O Sr. Cabaleiro Balado, di que sería convinte que o concello presionara para poder levar a cabo as obras, o Sr. Vilaboa Figueroa di que incluso viñeron de A Coruña e Pontevedra, que tiveron una reunión_e, que anteriormente, xa se falara con Faustino, indica o Sr. Amoedo Otero que incluso sería convinte falar co novo párroco para tratar o tema da entrada á igrexa.

O Sr. Cabaleiro Balado pregunta sobre a iluminación no Sapal.

O Sr. Vilaboa Figueroa di que hai proxecto para facer varias obras, entre elas o muro que falta e, unha canalización para recoller as augas e levalas a unha tubería, di o Sr. Antón Otero que sería convinte enlazar a estrada co aparcamento, por riba do parque e facer saídas.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Amoedo Balado fala de colocar uns puntos de luz potente como se fixo en Vilar, contesta o Sr. Alonso Monteagudo dicindo que no proxecto xa existen puntos de iluminación.

O Sr. Cabaleiro Balado comenta de acondicionar a pista, ao mesmo tempo o sr. Antón Otero comenta que a pista non se pode tocar, pois non hai unha cesión ao concello. Pregunta o Sr. Cabaleiro Balado se se poden facer obras en cousas que sexan de propiedade municipal. Di o Sr. Alonso Monteagudo que para facer algún tipo de obras é preciso primeiro ter un documento de cesión. Comenta o Sr. Vilaboa Figueroa que o muro que se fixo foi porque había unha cesión ao concello.

O Sr. Antón Otero, indica que o Sr. Interventor, se non son obras municipais non aproba o gasto.

O Sr. Vilaboa Figueroa di que o Sr. Interventor municipal para todo solicita informes técnicos, así mesmo, indica que o Sr. Aparellador Municipal fará un proxecto e que logo por parte do Consello Parroquial poderá pedir presupostos.

A Sra. Pazos Cabaleiro, pregunta de cantos cartos se dispón para a parroquia, ao que o Sr. Alonso Monteagudo di que 13.500,00 euros.

Por parte do Sr. Vilaboa Figueroa indicase que para o alcantarillado hai un proxecto e que nestes momentos atópase en intervención pendente de asinar. Así mesmo indica que hai problemas con algúns veciños, así mesmo o Sr. Antón Otero di que aínda que o chapista asinou para o alcantarillado, agora non quere.

O Sr. Amoedo Otero pregunta polo alcantarillado no sendeiro da Chapa ao que, o Sr. Vilaboa Figueroa dí que hai que intentar facilitar o desaugue sen bombeo. Así mesmo, o Sr. Cabaleiro Balado indica que o saneamento é unha cousa prioritaria.

O Sr. Antón Otero di que para o saneamento de Os Cambeiros xa hai permiso de Augas de Galicia, dicindo tamén facer a saída en Fixón, pois así collería varias casas.

O Sr. Vilaboa Figueroa di que estivo no lugar, que foi incluso cun técnico e que intentarían dar una saída e tratar de facelo. Di o Sr. Cabaleiro Balado de ir todo a un colector xeral, que así collería dúas casas que hai pasando "O Rosi", di o Sr. Vilaboa Figueroa que tamén hai en Eira Pedriña.

O Sr. Alonso Monteagudo indica que terá que ir todo a un colector.

Cando son as 21 horas e 25 minutos, incorpórase á Xuntanza o Sr. Crespo Abal, representante de AER.



CONCELLO DE REDONDELA

Polo Sr. Vilaboa Figueroa dase conta de escritos recibidos, relativos á limpeza do camiño dos Miróns, que é un camiño de propiedade municipal. Pregunta a Sra. Pazos Cabaleiro se agora é camiño particular, contestando a Sra. Rodríguez Álvarez comunicando que é un carreiro. Así mesmo o Sr. Alonso Monteagudo di que por alí houbo problemas co AVE, pois incluso secou un pozo e tiveron que facer reclamacións, dí o Sr. Vilaboa Figueroa que sería convinte darlle continuidade para ir á Igrexa.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Agustín González, pregunta sobre as obras de mellora, tipo de obras e orzamento na Estrada N-555.

Contesta o Sr. Vilaboa Figueroa dicindo que Fomento xa viu a mirar as obras e que unha técnico de Madrid, fará un proxecto que irá por fases, pregunta o Sr. Cabaleiro Balado se as beirarrúas irán dun lado só, e o Sr. Crespo Abal pregunta se o proxecto está no Concello.

O Sr. Vilaboa Figueroa respostando á pregunta do Sr. Cabaleiro Balado indica que, seguro, aínda non hai nada.

Novamente polo Sr. Agustín González solicítase información sobre as obras do AVE, pregunta se o concello ten coñecemento das molestias que está a ocasionar aos veciños. Indica o Sr. Vilaboa Figueroa que o Concello ten coñecemento e que incluso sa estiveron co Sr. Alcalde. Así mesmo pregunta o Sr. Agustín González sobre os cortes de enerxía eléctrica que houbo en días pasados, que entre os afectados están as parroquias de Negros, Saxamonde e Vilar, solicita saber que pasou e que medidas se tomaron contra a empresa subministradora, contesta o Sr. Vilaboa Figueroa que sabe que houbo varios problemas.

Di o Sr. Cabaleiro Balado que houbo cortes varias veces, que levan 15 días sufrindo cortes e que é o que pasa coa enerxía eléctrica.

O Sr. Vilaboa Figueroa di que son coñecedores dos cortes e que incluso teñen un teléfono directo para falar cun enxeñeiro da compañía.

Comenta a Sra. Rodríguez Álvarez que nunha zoa hai una reixa partida en 2 e que falta unha parte, contesta o Sr. Vilaboa Figueroa indicando que se porá unha nova.

Indica o Sr. Cabaleiro Balado que na entrada de Fixón, debido a que hai un atasco en varios lugares, levan 2 invernos entrándolle auga e que é preciso reparalo.



CONCELLO DE REDONDELA

A Sra, Rodríguez Álvarez fala da colocación de valos nun lado só da estrada e que algunhas están en mal estado, contesta o Sr. Vilaboa Figueroa dicindo que se pintaron en moitos sitios, que hai que poñer algunhas e reparar e pintar outras.

O Sr. Pazos Cabaleiro di que por parte de Renfe se están a limpar algunhas zonas da parroquia e outras non. Responde o Sr. Vilaboa Figueroa dicindo que chamarán a Renfe para que procedan á limpeza dos tramos, entre outros, o de Saxamonde e o de Eira Pedriña.

O Sr. Antón Otero di que na zona do Pilón, sería preciso levantar unha parede.

E, non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia, levantouse a sesión, sendo as vinte e unha hora e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en pro de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria DOU FE.